

Tres monumentos que conmemoran vítimas do franquismo: Participación cidadá e a confluencia de historial oral e historiografía

John Thompson¹

Resumo: O escultor José Val Díaz (Valdi) confeccionou na comarca da Coruña e nos concellos de Aranga e Guitiriz tres monumentos que homenaxean as vítimas do franquismo. Os dous grupos principais que impulsaron a creación dos lugares de memoria foron descendentes de asasinados polo réxime franquista e persoas asociadas á Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña. Neste artigo examínanse as historias das tres obras e os significados que quixo transmitir a través delas Valdi e os outros artistas que participaron. Salientamos o rexeitamento por parte do concello da Coruña, gobernada polo Partido Socialista de Galicia, para que a obra de Valdi se colocase na cidade; e ponderamos o papel que tiveron os historiadores nos procesos rememorativos.

Palabras chave: Galiza, lugares de memoria, monumentos conmemorativos, historia oral, franquismo, trauma.

¹ Profesor titular de Estudos Hispánicos na Universidade do Estado de Montana (Montana State University-Bozeman, EUA).

Abstract: In the Autonomous Community of Galiza, the sculptor José Val Díaz (Valdi) fabricated three memorials that pay homage to the victims of Franco's regime in A Coruña and the municipalities of Aranga and Guitiriz. The two groups that promoted the memory sites were the descendants of murdered opponents to Franco's regime and people associated with the Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña. I explore in this article the histories behind the three memorials and the meanings Valdi and other participating artists intended to convey through them. I consider the rejection on behalf of A Coruña's municipality -governed by the Partido Socialista de Galicia- to allow Valdi's sculpture to be erected in the city. I also consider the role historians played in the commemorative processes.

Keywords: Galicia, memory sites, memorials, oral history, Francoism, trauma.

Despois de levar a cabo un estudo sobre as novelas galegas que afondan na Segunda República, guerra civil e ditadura franquista, non quixen abandonar esta liña de estudo imprescindible para o pensamento democrático. Pasei entón a pescudar os lugares en Galiza que recordan o trauma provocado polo franquismo e centreime principalmente nos monumentos conmemorativos coa intención de publicar un libro sobre este fenómeno e tamén sacar un documental feito coas entrevistas filmadas—ao redor de 200 horas—que realicei en cinco viaxes desde xaneiro de 2010. A construción de monumentos é un síntoma da progresiva perda das testemuñas que presenciaron os feitos. “Hai *lieux de mémoire*” afirma Pierre Nora, “porque xa non hai *milieux de mémoire*, entornos reais de memoria” (7).

Nos inicios das pescudas decateime de que había tantos lugares de trauma sinalados que non podería nun tempo razoábel censalos, investigalos e analizalos debidamente. Decidín daquela que cumpría acoutar o terreo dalgún xeito, e a solución máis lóxica -dada a miña formación na crítica literaria- foi incluír no estudo soamente aqueles monumentos que amosasen unha intención de narrativizar os feitos por medio dunha intervención estética. A calidade artística non me encargo de calibrala, xa que alén do feito de que a calidade é sempre subxectiva, a arte nestas obras está ao servizo dunha causa ética e política. No que me centro é a efectividade dos monumentos á hora de transmitiren o coñecemento da barbarie, non só ás persoas directamente afectadas senón á sociedade en xeral e tamén (sobre todo) ás futuras xeracións. Afondo nas consecuencias que teñen estes lugares confeccionados sobre a memoria individual e colectiva.

Un dos obxectivos centrais nesta tarefa é reconstruír de cada monumento tanto as historias dos eventos particulares que representan canto as súas propias historias. Moi pouco se escribiu sobre este tema, entón é preciso crear textos a través das testemuñas que se envolveron na construción das obras. A metodoloxía consiste en entrevistar principalmente tres grupos: os artistas ou canteiros que crearon os monumentos, as persoas de quen partiron as iniciativas (os sobrevi-

ventes dos feitos traumáticos e os seus devanceiros, as asociacións de memoria, políticos) e, por último, os que se opuxeron á construción das obras. Estes, herdeiros e voceiros das falacias franquistas enxalzadas pola transición á democracia e boa parte dos medios actuais, non brindan polo xeral datos iluminadores, mais sempre tento recoller os seus testemuños e analizar os motivos específicos polos cales non queren recordar as vítimas do fascismo.

O primeiro monumento que coñecín de José Val Díaz (Valdi) foi o da Coruña na avenida de Navarra. Grazas á abundante cobertura mediática que tivo antes e despois da súa inauguración, o 19 decembro de 2010, coñecino virtualmente antes de visitalo co propio Valdi, quen me falou do simbolismo da obra. Este monumento é singular entre os trinta e dous que teño censados por razóns que explicarei en breve. Dedico a primeira parte deste artigo a explorar a historia e o simbolismo desta construción, chamada “Xermolos de Paz,” para examinar a continuación as do mesmo canteiro -erixidas seis meses despois- en Aranga e Santa Mariña.

“Xermolos de Paz”

Como ten xurdido en numerosas ocasións na construción dos monumentos conmemorativos e tamén noutros proxectos de reivindicación da memoria histórica -como as escavacións das foxas comúns-, o xerme da construción do monumento na avenida de Navarra foi a iniciativa dunha persoa da chamada “terceira xeración,” a xeración dos netos das testemuñas que sufriron e/ou presenciaron de maneira directa os feitos traumáticos. Dolores Ares é neta de José Torres Regueiro, militante da CNT coruñesa que fixo parte da resistencia no barrio de Monelos e foi asasinado no Campo da Rata en 1937. A nai de Dolores e filla de José Torres, Laura Torres Meitín, foi a persoa que lle transmitiu a Dolores a memoria de seu pai. A terceira xeración -Emilio Silva é sen dúbida a figura máis emblemática en España- é capaz de levar a cabo proxectos de reivindicación das vítimas do franquismo porque ten á súa disposición as ferramentas precisas:

Incluso mi abuela [Consuelo Meitín Rodríguez], al poco de salir de la cárcel, empezó a averiguar dónde estaba y la Guardia Civil le dijo que no siguiera mirando si no quería que le hicieran a sus hijos lo mismo que a su marido y hermano. La amedrentaron y entonces mi madre quedaba con esa pena de no saber. Y empezó a salir lo de la memoria histórica, me hablaron de [Santiago] Macías y entré en Internet y entonces me puse en contacto con él por correo electrónico y me fue guiando... (Dolores Ares, Entrevista persoal)

Para sermos máis precisos, Laura Torres está a cabalo entre a primeira e segunda xeración e Dolores entre a segunda e terceira, xa que xunto con José Torres foi tamén asasinado o irmán maior de Laura e tío de Dolores, Antonio Torres López, cenetista fusilado en As Xubias (A Coruña) en 1937. Aínda que Laura tiña tan só sete anos cando os feitos, lembra con nitidez as consecuencias que provo-

caron sobre a súa familia. Tres días antes do inicio do levantamento militar, seus pais levárona a vivir a Viveiro como se soubesen que a guerra ía ocorrer, e ao voltar un ano despois, seu pai e irmán estaban detidos -desde había soamente un día- no cuartel da Garda Civil: “Cuando llegué a Coruña mi madre estaba llorando y no entendía nada; y mi hermana la mayor me dijo que habían cogido a papá” (Entrevista persoal). Ao día seguinte a nai de Laura (Consuelo), que estaba grávida, foi detida e encarcerada durante dous anos. Laura supón que Consuelo traballaba de enlace “pero ella no me explicou eso (...) No hablaba por temor, pero no era muy tímida y tampoco le preguntaba.” Como na maioría dos casos das familias con membros mortos a mans dos facciosos, súa nai nunca puido facer un dó ao abeiro das institucións públicas: “Mi madre se murió a los 93 sin saber dónde estaban” (Entrevista persoal).



A Coruña.

Cando Dolores, aconsellada por Santiago Macías, conseguiu no Rexistro Civil a partida de defunción de José Torres Regueiro, descubriu que seu avó estivera, pouco antes de morrer, agochado na casa de Alejandro Basilio Palacios, cenetista asasinado e enterrado na mes-

ma foxa común de José no cemiterio de Santo Amaro. A través da Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña (CRMH), coñeceu o neto de Basilio Palacios, José María Palacios. Dolores e José María puxéronse de acordo para solicitaren ao Concello da Coruña -en xaneiro do 2008, estando de alcalde Javier Losada do PSdeG- o permiso para colocaren unha placa conmemorativa nunha das murallas no interior de Santo Amaro. Segundo Dolores, un funcionario do concello respondeulles que si podían colocar a placa mais tiña que ser nun soto a carón do osario. Parecéndolle “una tomadura de pelo” esta resposta, acudiu novamente a Santiago Macías quen lle aconsellou que soa non ía facer nada, e así Dolores e José María idearon unha iniciativa moito máis ambiciosa: levantar un monumento que representase a todos os asasinados polo franquismo na Coruña. Propuxeron á CRMH que apoiase esta iniciativa e esta asociación solicitou fondos ao Ministerio da Presidencia, dirixida por María Teresa Fernández de la Vega, que lle concedeu en xaneiro de 2010 case 30.000 euros para levar a cabo a obra.

A solidariedade para coas vítimas do franquismo amosada polo goberno estatal, presidido por José Luis Rodríguez Zapatero, non se viu reflectida no PS-deG coruñés, que non deu facilidades para que o monumento se realizase dentro da cidade. Son moi coñecidas as posicións dos socialistas da Coruña verbo da memoria histórica. No canto de recoñecer que a cidade estaba (e segue estando) inzada de símbolos franquistas, defenden que se trata de símbolos históricos que cómpre conservar (Monge 50). O aspecto do monumento proposto pola CRMH que realmente causaba pavor nos círculos socialistas era a inscrición de todos os nomes das vítimas da comarca da Coruña. O alcalde Javier Losada rexeitou a proposta do monumento, nunha carta datada en maio de 2010, alegando que A Coruña xa ten dous monumentos, o de Isaac Díaz Pardo no Campo da Rata e o de Pepe Galán no Portiño; e posto que a obra quer reivindicar os nomes da comarca “quizais o máis oportuno sexa buscar un lugar axeitado fóra da Coruña, nalgunha das localidades do entorno.” As declaracións do alcalde un mes despois en *La Voz de Galicia* semellan provir da cúpula do Partido Popular: “El monumento que representa a todos los ciudadanos [o de Díaz Pardo] ya está ubicado y lamento que algunos quieran desvirtuar el acuerdo y la unidad de lo que ha sido una gran pérdida para todos” (“Víctimas del franquismo”).

Cinco meses antes, a CRMH asinara co Proxecto Interuniversitario Nomes e Voces un convenio segundo o cal varios historiadores realizarían investigacións co fin de determinaren todas as vítimas dos dez concellos da comarca da Coruña entre o inicio do golpe de estado até o final da ditadura. O estudo pioneiro de Luís Lamela, *Estampas de injusticia. La Guerra Civil del 36 en A Coruña y los documentos originados en la represión*, é o alicerce desta nova investigación. Na lista de case 600 nomes que o Proxecto entregou á CRMH en abril de 2010, inclúense as persoas naturais dos dez concellos asasinadas neles, os veciños da comarca que morreron fóra dos concellos e tamén os non nativos dos concellos que morreron neles (Monge 107-08). Pola súa parte, a CRMH levou a cabo a campaña “Búscanse vítimas da represión franquista” na cal convidou a cidadanía a participar na recuperación da memoria, achegando información sobre as vítimas (Monge 109).

No proceso que conduciu á construción do monumento houbo, daquela, un intercambio, unha interacción entre historia e memoria de tal maneira que as dúas se reafirmaron. Os lugares de memoria créanse, segundo Pierre Nora, a través dun xogo de memoria e historia, “unha interacción entre os dous elementos que resulta na súa sobredeterminación recíproca” (19). É dicir que por unha banda as memorias vencelladas a un monumento catalizan un interese meirande na historia concreta (o evento -ou eventos- e as figuras envolvidas) representada polo monumento. É grazas aos monumentos, en varios casos polo menos, que os historiadores prestaron máis atención aos feitos e figuras conmemorados.² Por outra

² Alén do estudo publicado polo Proxecto Nomes e Voces, non é casual que aparecese o libro de Manuel Monge, *A historia secuestrada polo franquismo*, publicado pouco despois da inauguración. No caso do monumento de Pepe Ga-

banda, os labores historiográficos sobre o lugar conmemorado axudan a rachar a barreira de silencio de xeito que persoas que viviron, directa ou indirectamente, os feitos traumáticos e sempre calaron, xa non teñen tanto medo a compartillar as súas memorias na esfera pública. Os monumentos son, xa que logo, catalizadores para a creación de historia escrita e historia oral.

Unha vez confeccionada a lista dos nomes, a CRMH encargou a Valdi para executar a obra. Non houbo concurso, como fixera a asociación no caso do monumento do Portiño, xa que apremaba o tempo; caducaba a subvención do Ministerio da Presidencia a final do 2010 (Monge, Entrevista persoal). O lugar desexado polos familiares era a entrada de Santo Amaro onde están enterradas moitas das vítimas. Ao non ceder este espazo o concello, os familiares e a CRMH propuxeron o Campo da Rata preto do monumento de Díaz Pardo -posibilidade que o propio Díaz Pardo apoiou nunha carta que escribiu a Losada en xullo de 2010- ou o parque de Carlos Casares, preto do cárcere. Ao final o concello ofreceu, menos dun mes antes da inauguración do monumento, o parque nunha zona verde da avenida de Navarra que, malia non ser o sitio máis desexado, satisfizo os promotores da obra.

O monumento é un conxunto escultórico de seis pezas de rocha do monte de Parga: cinco chantas que levan 567 nomes esculpidos nos dous caróns e un menhir no medio.³ O nome “Xermolos de Paz” está inspirado na estampa de Daniel Alfonso Rodríguez Castelao “Non enterran cadavres; enterran semente.” Na visión de Valdi, “estes xermolos están outra vez saíndo, medrando para transmitírennos aquelas ideas polas que eles [os demócratas] loitaron.” O escultor colocou as chantas de xeito que fan unha estrela de cinco puntas “o símbolo de Vitruvio” que “está moi preto de esquerdas” (Entrevista persoal). As cinco puntas, na simboloxía de esquerdas, poden significar os cinco dedos da man obreira e os cinco continentes. A cara do menhir central dá ao nacente do día e reflicte o faro de Mera, ao outro lado da baía, “outra luz engadida que nos ilumina todas as noites, igual que ilumina os mariñeiros, igual que ilumina esta xente que quer tornar a súa casa” (Entrevista persoal). Os nomes das vítimas están esculpidos en vermello o cal ten unha evidente intención simbólica: a cor representa a esquerda máis o sangue que verteron os asasinados.

Os primeiros raios iluminan a cara do menhir, que leva un poema de Claudio Rodríguez Fer, e a medida que o sol sobe, a sombra que proxecta o menhir vai xirando como unha agulla de reloxo. Nas horas centrais do día a sombra raia coa

lán no Portiño, hai que sinalar o libro de Eliseo Fernández, Emilio Grandío, Dionísio Pereira e Carlos Velasco, que realiza un estudo minucioso da fuga frustrada do Portiño máis a represión no resto da Coruña. Despois da erección do monumento en Aranga publicouse *A fosa do cemiterio de Vilarraso (Aranga)* de Eliseo Fernández e Emilio Grandío; e poderíase mesmo traer a colación o libro que publicou Luís Lamela sobre o monumento de Díaz Pardo (*Un monumento en el Campo da Rata*). Este libro afonda sobre todo na historia do monumento, mais afonda tamén nas execucións de Punta Herminia. Moitos outros exemplos se poderían citar, mais limitome aos casos que nos ocupan.


³ Son en realidade 595 vítimas en total, mais non aparecen no monumento os 28 descoñecidos.

chanta que dá ao norte, “o norte que estes homes e mulleres tiñan tan definido, sabían tan ben o que querían, sabían tan ben cara onde ían” (Valdi, Entrevista persoal). A composición da obra trata de xogar co movemento xa que “esta xente non estaba parada; loitaba, pelexaba, tiña as ideas claras, sabían o que querían e onde tiñan que ir.” A propia localización do monumento resultou ter tamén unha carga simbólica posto que se atopa no medio do chamado “Triángulo da Morte” formado polo cemiterio de Santo Amaro, onde foron enterradas moitas das vítimas en foxas comúns, o Campo da Rata onde se fixeron moitas da execucións e o antigo cárcere.

O menhir amosa no seu dorso, explicoume Valdi, unha “violencia que hai que empregar para que unha rocha destas poida estar aquí.” Son furos transversais que se fixeron para extraer a rocha: “é unha rocha ferida, mancada, unha rocha na que houbo que facer isto para que se separase pero violentamente do núcleo ao que ela pertencía. É o mesmo que se fixo con estes homes e mulleres, e vese en todas as rochas algún signo de violencia.” Segundo Rodríguez Fer, a escolla de Valdi para facer o monumento non puido ser máis acertada, pois o canteiro é

da mesma formación e da mesma condición social de moitos dos traballadores e proletarios asasinados en 1936 e anos sucesivos. Porque moitas veces lembramos os intelectuais, os grandes nomes, pero esquecémonos de que o maior continxente dos asasinados foi proletario e foi popular (...) porque a guerra civil se fixo en contra da cultura pero moito máis contra das clases populares e contra os proletarios que eran os elementos potencialmente revolucionarios (Entrevista persoal).

O poema de Rodríguez Fer na cara do menhir, “Paz para sempre,” reflicte, nas palabras do poeta, “a sintonía absoluta que hai entre o meu propósito de facer o poema e o propósito do escultor á hora de concibir ese espazo” (Entrevista persoal). O poema non se estreou no monumento senón que foi publicado en 2006 na revista *Unión libre: Cadernos de vida e culturas*, editada polo propio Rodríguez Fer máis Carmen Blanco. Dende a súa publicación apareceu



Detalle do monumento da Coruña, con poema de Claudio Rodríguez Fer.

en abundantes textos referidos á memoria traumática: “este é un poema que precisamente o concibín para que fose de todos, de todas as vítimas do fascismo e de todos os seus parentes e os seus defensores...” (Rodríguez Fer, Entrevista persoal). Alén da sintonía ideolóxica entre “Paz para sempre” e o conxunto escultórico, as dúas obras reflíctense nun plano máis sutil. O recurso dominante no poema é a anáfora, que transmite as mensaxes dun xeito contundente (“E impuxeron o terror / E impuxeron a calumnia”) como se cada verso fose unha chanta. Aínda menos evidente é o uso do quiasmo na última estrofa -“Porque como aquelas vítimas / queremos liberdade para sempre. / Porque por aquelas vítimas / para sempre queremos xustiza,”- que crea unha estrutura que imita as liñas zigzagueantes que unen as puntas da estrela.

“Xermolos de Paz” é orixinal entre os monumentos conmemorativos galegos por levar os nomes de todas as vítimas que se puideron coñecer a través da historiografía e a historial oral. A súa forza simbólica provén do feito de que A Coruña cos seus arredores foi durante a Segunda República a cidade máis progresista de Galiza. Foi o berce do nacionalismo galego; e foi referente do movemento anarquista, do agrarismo e dos gobernos do Estado -ORGA, despois PRG e IR (Proxecto Nomes e Voces 29-30). Esta cidade e a súa contorna actuaron como “cordón umbilical de enlace con Madrid, nun camiño de ida e volta do cambio progresista en clave republicana. Desde aquí espallábase por toda Galiza” (Proxecto Nomes e Voces 13).

Aranga e Santa Mariña (Guitiriz)

Seis meses despois da inauguración de “Xermolos de Paz,” levantáronse outros dous monumentos da autoría de Valdi o 18 de xuño en Ponte Aranga, a capital do concello de Aranga, e en Santa Mariña de Lagostelle do concello de Guitiriz. Malia pertenceren a provincias distintas, atópanse estas aldeas na mesma chaira e sufriron a violencia facciosa de xeito moi semellante. No ronsel do levantamento militar apareceron cadáveres a diario nas gabias da estrada nacional VI, que atravesa os dous concellos, a maioría dos que seguen sen identificar. En Aranga hai varias foxas comúns aínda sen localizar, agás a do cemiterio de Vilarraso -moi posibelmente a meirande en Galiza- con vinte nove corpos dos que só once están identificados.⁴

⁴ Santiago Fernández Sánchez, residente de Fervenzas (Aranga) e socio da CRMH da Coruña, comezou a traballar na recuperación da memoria en Aranga a través da páxina www.fervenzas.es. Explicoume que a foxa da Reborica puido ficar baixo a estrada cando a ampliaron, mais non se sabe con certeza. A de Ponte Aranga, na igrexa de San Paio, ficou debaixo dos panteóns; a que está na igrexa de Fervenzas, onde foron soterrados tres guerrilleiros, supostamente está en espazo libre. A escavación desta última ten tantas posibilidades que a de Vilarraso xa que as familias dos soterrados están de acordo en exhumar. No caso da foxa de Vilarraso, a maioría das familias coas que se contactou están de acordo coa exhumación; faltan familias coas que contactar e hai polo menos un familiar que non quer. Testemuñas que faleceron faloron de varios enterramentos ao longo da estrada N-VI (en Aranga e Guitiriz) e noutros lugares do concello (Mensaxe).

Moitos dos “paseados” en Aranga e Guitiriz foron sacados dos cárceres de Lugo e da Coruña. Eliseo Fernández e Emilio Grandío comentan que semella ilóxico, a primeira vista, que se cometesen estes crimes en lugares rurais como Aranga nos que non houbera apenas conflitos durante a Segunda República (10). Porén, sinalan que unha táctica seguida polos facciosos en toda Galiza (e no resto de España) foi a de matar en concellos (e/ou provincias) diferentes dos que eran orixinarios os “paseados” para que as pegadas dos crimes fosen borradas (43). Esta táctica realizábase sobre todo nos casos de non existiren causas xudiciais.

A primeira vez que escoitei esta teoría foi cando visitei (en decembro, 2011) o Monte Forriolo en Ourense no concello d’A Bola. Estaba co historiador Dionísio Pereira a quen fixen despois varias consultas sobre a tipoloxía dos lugares de morte en Galiza. Nun dos intercambios explicou que as zonas limítrofes escollidas para matar en Galiza -entre concellos, provincias e xurisdicións da Garda Civil- servían

quer porque eran lugares de paso e así “maximizaban” o efecto na poboación, quer porque eran terras de ninguén e había confusión sobre quen tiña que intervir. Por exemplo un lugar de paseo en Cerdedo foi a Ponte do Barco, situado mesmo na liña divisoria entre os Concellos de Cerdedo e Cotobade e linde da xurisdición entre a Garda Civil do posto de Cerdedo e a do posto de San Xurxo de Sacos (Cotobade), co cal os asasinios procuraban que non houbera posibles e indesexadas “interferencias” por parte dalgún Garda Civil con escrúpulos de conciencia (Mensaxe).

Ao ser un lugar de paso por mor da estrada nacional VI, semella plausíbel tamén que os facciosos escollían Aranga e Guitiriz para maximizar o terror. Non eran só os naturais dos concellos os que vían os cadáveres estarricados nas gabias, senón todo aquel que transitase entre Lugo e A Coruña.

Segundo testemuños orais recollidos por Luís Lamela en Aranga, “durante las noches de aquel triste verano se escucharon con frecuencia los gritos desgarradores de los que iban a ser paseados” (*A Coruña 1936. Memoria convulsa de una represión* 30). A Ponte da Castellana é un dos lugares galegos de memoria traumática máis coñecido porque moitas das vítimas que non acabaron nas gabias foron arreboladas desde a ponte ao río Mandeo. A Garda Civil, descubriu Lamela por medio dunha testemuña, obrigaba os veciños a recoller os cadáveres “y a depositarles en sus propias viviendas en tanto en cuanto no se producía el enterramiento en fosas comunes...” (*A Coruña* 30). Nunca se saberá cantos morreron, pois non se investigou a tempo; así e todo, a construción do monumento marcou o inicio do que poderá ser un movemento que chegue a desenterrar máis secretos que a dereita e un sector do PSOE-PSdeG preferirían ignorar.⁵

⁵ Redunda dicir que os testemuños orais que recolleu Lamela en Aranga forneceron á crónica histórica sobre as barbaridades fascistas información que non ten prezo. Pregunteille a este historiador como conseguiu falar cos seus

O proxecto de levar a cabo escavacións das foxas de Aranga ten varios impedimentos. O primeiro é a falta de información sobre a localización de todas as foxas agás a do camposanto de Vilarraso. Segundo, aínda habendo familiares dalgúns dos identificados na de Vilarraso que solicitaron a exhumación, non existe neste momento a iniciativa política, nin da Xunta nin do Estado, para acometer as obras. Explicou Santiago Fernández Sánchez que se hoxe se escavase a foxa de Vilarraso “tería que ser a nivel particular, sen cobertura dun xuíz ou forense que dese a cobertura legal que permitise as familias ou asociacións utilizar as posibles probas atopadas nun xuízo contra os autores ou promotores desas execucións” (Mensaxe).

A situación da foxa de Vilarraso sóubose grazas a unha carta anónima mandada á CRMH da Coruña, que logo convocou en abril de 2009 unha reunión de grupo de traballo para estudar as foxas de todo o concello de Aranga. Os historiadores Eliseo Fernández e Emilio Grandío publicaron o informe, *A fosa do cemiterio de Vilarraso (Aranga)*, alicerzado nas investigacións que levara a cabo case unha década antes Luís Lamela. Son moi indicativos os obstáculos que tivo que vencer Lamela para poder acceder aos libros de defuncións do Rexistro Civil de Aranga. Este historiador, o primeiro en tirar a luz estes libros máis os da Coruña, contou as súas peripecias no labirinto xudicial galego, que quixo (quer) perpetuar o descoñecemento dos crimes.⁶

“confidentes” -como el lles chama (*A Coruña*)- e velaquí a súa resposta: “Las casualidades son a veces importantes para cualquier investigador. Y en este caso, un amigo y compañero de trabajo, con el cual tengo una relación muy entrañable, inclusive de participar en encuentros familiares, se dio la circunstancia de que sus padres eran oriundos precisamente del ayuntamiento de Aranga. Y como yo investigaba sobre la guerra civil, en nuestras reuniones festivas con ellos y sus hijos, hablamos de la guerra civil que era el tema que me ocupaba entonces. El padre de este amigo fue el que me contó que durante la contienda se vio obligado a participar en un pelotón de fusilamiento, cosa que le hizo sufrir toda su vida. Y cuando le conté que había revisado los libros de defunciones del municipio de su origen, se abrió tanto él como su esposa a contarme su negativa experiencia, con lágrimas en los ojos y silencios que yo interpretaba. Un hombre, ya en aquel entonces de 80 y tantos años, y su esposa, algo menos, que describían lo vivido con mucho dolor. Y ya hace años que fallecieron. Fueron ellos y otras hermanas de la esposa quienes en estas reuniones que manteníamos, precisamente en una casa que tenían de verano en el propio ayuntamiento de Aranga, quienes me ilustraban sobre lo acontecido, que fue lo que relaté en los libros. Su disposición a contar sus experiencias se debió sobre todo a la amistad y familiaridad que manteníamos, y en mis libros no cité sus nombres por esa amistad y agradecimiento. Estas conversaciones las celebré a mediados de la década de los noventa del siglo pasado. Y el miedo lo palpé, tanto en esta gente de Aranga, que solamente se abría por la mucha amistad y confianza, como en gente de otras localidades. Fue muy común encontrar gentes que se negaron a hablar del pasado de la guerra civil, encontrándome también otra que sí se abrió y dio la impresión de quedar liberadas” (Mensaxe).

⁶ “Sobre los problemas existentes para acceder a los libros en el ayuntamiento de Aranga correspondientes al Registro Civil -defunciones-, debo acudir al precedente que representó acceder al Registro Civil de A Coruña, que fue el que me llevó a poder entrar después en todos los demás registros civiles a los que me interesó acudir. Presentada una solicitud ante el Magistrado-Juez del Registro Civil de A Coruña, me fue denegada por una serie de motivos con los que no estuve de acuerdo. Mi primera reacción fue presentar en el Juzgado de Guardia una denuncia contra el Magistrado por impedirme el acceso a los registros públicos, al tiempo de presentar una instancia al Director General de Registros y del Notariado, en Madrid, con la argumentación de que los datos requeridos para mi investigación no podían a aquellas alturas ser confidenciales por los motivos de fallecimiento de los ajusticiados durante la contienda civil. La hormiguita que yo representaba venció al Magistrado-Juez que impedía el acceso a los documentos para mi investigación, autorizándome la Dirección General el acceso al Registro Civil sin más incidencias, revisando los libros desde julio a 31 de diciembre de 1936, que fue el período de fallecimientos publicado en *Estampas de Injusticia*,

A iniciativa de erixir os monumentos en Aranga e Santa Mariña xurdiu cando se estaba a construír “Xermolos de Paz.” O devandito grupo de traballo decidiu que Valdi era a mellor opción como escultor (Alfonso Blanco, Entrevista persoal) e a CRMH da Coruña solicitou ao Ministerio da Presidencia outra subvención, que foi concedida. Moi sorprendente neste proceso foi a posición do alcalde de Aranga, Alberto Platas do Partido Popular de Galicia, que levou ao pleno de 25 de abril de 2011 -dous meses antes da inauguración- unha proposta de moción, elaborada pola CRMH da Coruña e presentada a todos os grupos municipais, para que recibise o apoio unánime da corporación. Púidenlle facer unha entrevista ao alcalde a finais de xaneiro de 2012 grazas a Fernando Souto (presidente da CRMH da Coruña dende novembro de 2011) e aproveitei para afondar no pensamento deste político, cuxo partido ten a maioría absoluta. Cando lle comentei que, dada a posición dominante do seu partido verbo da rememoración dos vencidos, me parecía anormal o seu apoio, respondeu: “Creo que non se pode mesturar o tema da política con isto; para min é un recoñecemento a unha cousa que pasou co cal penso que ninguén está de acordo cunha ditadura, non?” Contestelle que nunca coñecera, cando menos en Galiza, alguén do seu partido que defendese a reivindicación dos vencidos, e a este comentario deu a seguinte resposta: “Igual se ten un concepto non adecuado do PP. Non é a día de hoxe de ultradereita; é de centro, somos totalmente democráticos.” A respecto dunha futura escavación en Vilarraso, mostrou cautela: “[É] un tema complicado co cal non sabemos se se vai levar a cabo ou non. Ten algo de problema social, de crispación porque estamos falando de levantar cadáveres” (Entrevista persoal).

O monumento de Aranga é rocha tirada tamén do monte de Parga, case idéntica ao menhir central de “Xermolos de Paz.” Segundo Valdi, “é a pedra irmá” do menhir da Coruña e representa o conxunto das foxas en Aranga. Alén das marcas nos laterais que representan a violencia -a mesma intención simbólica que se manifesta nas pedras da Coruña e tamén na pedra de Santa Mariña-, o concepto central neste monumento está baseado na simboloxía do tres; entre moitas variacións, a principal que salienta Valdi é a da vida (terra, ar e auga). Se se olla o monumento con vista de paxaro, vese que é un monolito triangular (Entrevista persoal). Por outra banda, son tres autores cuxas visións aparecen reflectidas no monumento; alén da rocha de Valdi, está o poema de Salvador García-Bodaño “Aos mártires” e a pomba-poema (un acrónimo) de Baldomero Iglesias (Mero). Valdi espera con ansia que se escaven as foxas e pedirá aos arqueólogos que lle

poco más de cinco meses. Cuando decidí seguir investigando para mi segundo libro, *A Coruña, 1936*, después de ampliar el período a toda la guerra civil en A Coruña, mi segunda visita fue al Registro Civil de Betanzos, del que depende el de Aranga, cuyas dependencias están en el mismo Ayuntamiento. Allí, en Betanzos me autorizaron de palabra para acceder, pero cuando llegué al Ayuntamiento de Aranga me fue impedido el acceso a los mismos, negándose a obedecer las instrucciones recibidas del de Betanzos. Esto me llevó a acudir al Magistrado-Juez de A Coruña, el que anteriormente me denegara el acceso a los libros coruñeses, para que ordenara que en Aranga me autorizasen a revisar los libros. Y, así fue, a regañadientes, y en contra de su voluntad pude acceder a la documentación” (Mensaxe).



Monumento en homenaxe ás e aos represaliados en Aranga.

dean “a terra no interior dun dos cranios para metela nunha furna dentro destes monolitos [os tres monumentos]. Por que motivo? Porque aí é onde estaban encerradas as súas ideas de ben e de verdade” (Entrevista persoal).

O poema de García-Bodaño é un soneto seguido dun pareado. Pódese apreciar na composición, igual que no poema de Rodríguez Fer no menhir de “Xermolos de Paz,” un reflexo do propio monumento. Tanto o poema canto o monumento son “como un fito que se alza na memoria.” Un tanto desaxeitados son os primeiros dous versos: “Érguense vitoriosos sobre a Historia / os vossos nomes nobres e valentes.” Posto que a maioría da xente conmemorada en Aranga non ten nome, poderíase concluir que este poema sería máis apropiado para “Xermolos de Paz,” que o que ten de innovador é fornecer e dignificar os nomes das vítimas. É preciso salientar que García-Bodaño compuxo este poema anos antes co gallo da homenaxe que fixo a Real Academia Galega -o 26 de abril, 2006- aos mártires de Carral (Mensaxe), cuxos nomes son máis que coñecidos. A CRMH da Coruña pediulle permiso para reproducir o poema na face do menhir (Mensaxe). De todos os xeitos, poderíase reinterpretar estes versos iniciais como o desexo de que algún día as vítimas descoñecidas teñan nomes. A pomba de Mero, que coroa o poema, expresa o mesmo obxectivo que a pomba, esculpida por Valdi, en “Xermolos de Paz”: que só a través da denuncia dos crimes, da elaboración da memoria traumática xunto coa reivindicación pública dos asasinados e os seus proxectos democráticos, se poderá conseguir a paz na sociedade.

Rodríguez Fer tivo unha participación clave na inauguración deste monumento polo seu poema dedicado a unha das vítimas que sabemos está na foxa de Vilarraso, Mercedes Romero Abella. Inspirado na famosa estampa de Castelao, titúlase “A derradeira lección da mestra” e fala desta mestra asasinada e chimpada ao río desde a ponte da Castellana. O autor contou: “Como son fillo de mestra precisamente e de pai represaliado, dalgunha forma identifiqueime cos fillos desta muller (...) [P]or esa razón escribín ese poema... e por esa razón a Comisión me pediu que recitase o poema na inauguración” (Entrevista persoal).

O promotor do monumento de Valdi en Santa Mariña, Alfonso Blanco, é o cura de Guitiriz e tamén profesor de relixión no instituto de Guitiriz IES Poeta Díaz Castro. Sorprendéronme -como a calquera que sabe o papel que tivo a igrexa católica no franquismo e as posicións que defende en España hoxe- as conviccións profundamente republicanas deste párroco. Esta sorpresa non ten nada que ver coa que experimentei co alcalde de Aranga, xa que encanto o logro deste foi aceptar a proposta do monumento e defendela, Blanco foi o propio axente do monumento de Santa Mariña. É máis, leva polo menos trinta anos loitando pola xustiza histórica, vencellado a entidades e proxectos que defenden o progreso. Blanco fixo parte do grupo de traballo que organizara a CRMH da Coruña en 2009, e foi por medio desta entidade que promoveu a construción do monumento.

Contou Blanco que cando veu vivir a Guitiriz a principios dos anos 1980,

descubriu a través da xente maior que había una foxa común no adro da igrexa de Santa Mariña. Tentou saber quen eran os soterrados, mais ninguén lle puido dicir (Entrevista persoal). Noutra entrevista comentou que algúns maiores de Santa Mariña “aún recuerdan cómo, cuando iban a la escuela, la maestra los llevaba a los caminos para ver como morían en las cunetas algunos de los asesinados, cuyos cuerpos luego eran enterrados” (Ignacio Díaz). O levantamento do monumento “foi unha chamada de atención a través dos medios que queremos saber quen son para saber os seus nomes e para que as súas familias os leven ás súas parroquias” (Entrevista persoal). Os rapaces de Aranga, contou, veñen ao instituto de Guitiriz e estes “aínda che falan algo máis [da memoria traumática] que os de Guitiriz que lles é algo máis alleo” (Entrevista persoal).⁷

O monumento, xa dixemos, leva a violencia simbólica nas marcas dos costados, e é importante apuntar que non está situado sobre a foxa común -que está na cabeceira da igrexa- mais na entrada do adro. A idea, segundo Blanco, era darlle a máis visibilidade posíbel (Entrevista persoal). Seméllase a un atril cun libro aberto no que a mesma pomba-poema de Mero (no menhir de Aranga) ocupa a metade superior. A metade inferior está ocupada pola seguinte inscrición: “Homenaxe ás persoas vítimas do franquismo nas fosas de Guitiriz. O voso sangue arriqueceu esta paisaxe. Formades parte de nós sempre.” A reivindicación das vítimas alicérase no paradoxo de que malia a súa ausencia e borrada identidade, aumentan (dignifican) a sociedade; son necesarias para sermos orgullozos dos nosos proxectos actuais. Mais a inscrición lanza tamén un chamamento implícito ao coñecemento e á verdade—a recuperación das identidades—que comportará máis riqueza á sociedade, un novo arriquecemento dos traballos a prol da xustiza histórica.

A intervención de Carmen Blanco na inauguración do monumento de Santa Mariña foi sen dúbida unha das máis interesantes, pois consistiu en facer un *performance* que recreou un incidente que seguiu o asasinato da mestra Mercedes Romero Abella. Blanco portaba un mantón negro que, no momento de contar a historia do asasinato da mestra, tirou ao chan do mesmo xeito que fixera a cuñada da mestra aos pes da policía coruñesa. Cando a cuñada da mestra, Dolores Mazariegos, descubriu o chal negro da vítima manchado de sangue na Costa do Sal, foi á Comisaría da Policía da Coruña, cuxos policías detiveran a Mercedes, e preguntou polo paradiro dela. Cando lle responderon que non tiñan información ao respecto, aproveitou o momento para “tirar o chal ensanguentado aos pés dos seus interlocutores” (Lamela, “O paseo de Mercedes Romero Abella,” 66-68).

⁷ Segundo contou Blanco, as súas conviccións republicanas naceron nos inicios dos 1970 durante a súa estada na Europa Central (en Bruxelas, Munich, Suíza e Francia). Alá coñeceu republicanos e exiliados “e mesmo xente doutros países que me axudou a coñecer a verdadeira historia: a República, o golpe de estado, a represión...” (Mensaxe). De volta a Galiza, coñeceu figuras do nacionalismo de esquerdas e cregos obreiros. Fundamental foi o seu contacto con Isaac Díaz Pardo. En Salamanca conviviu con estudantes euskaldúns, e tamén con cregos nacionalistas “que me deron a verdadeira faciana de Euskal Herría. Dende os vinte e pico anos, vivín coa teima de indagar a verdade nas conversas, encontros... con persoas que estiveron dalgún xeito no corazón da realidade: dende o Cardeal Quiroga Palacios, cando me expulsaron do Seminario, ou con algún detido comunista xa en Guitiriz” (Mensaxe).



Monumento ás vítimas do franquismo en Santa Mariña (Guitiriz).

Blanco reproduciu daquela ese acto heroico que contou a filla da mestra, Marisa Mazariegos Romero, a Luís Lamela nunha entrevista gravada que non ten prezo.

O momento que vivimos é de ouro porque aínda podemos recoller testemuños orais dos que viviron os feitos. As testemuñas, a estas alturas, eran nenos cando a guerra, mais o que presenciaron é real e pode entrar na crónica histórica; ou ficar fóra dela. No caso dos lugares dos que nos ocupamos neste artigo, podemos aínda encher (moi parcialmente por suposto) os baleiros de información que perduran. Mais para atinxir ese obxectivo, é preciso non esperar a que os que poden contar algo dean a cara. Sabemos que o medo, por moitos monumentos e conmemoracións públicas que se fixeren, segue alí. Os que nos dedicamos ao coñecemento e á transmisión da memoria traumática temos que facer máis esforzos para entrarmos nas vidas dos que saben. E non é necesario que sexan testemuñas directas, pois as historias de segunda man -como a que gravou Lamela á Marisa Mazariegos Romero- poden ser igual de válidas que as de primeira man.

Bibliografía

- Ares, Dolores. Entrevista persoal co autor. 13 de xuño, 2011. Entrevista.
Blanco, Alfonso. Entrevista persoal co autor. 26 de xaneiro, 2012. Entrevista.
---. Mensaxe ao autor. 20 de xaneiro, 2014. E-mail.
Díaz, Ignacio. “El cura con memoria.” *El progreso*. Web. 3 de xuño, 2009.
Díaz Pardo, Isaac. Carta a Javier Losada como alcalde da Coruña. 28 de xullo, 2010. Impreso.
Eliseo Fernández e Grandío, Emilio. *A fosa do cemiterio de Vilarraso (Aranga)*. A Coruña: Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica, 2011. Impreso.
Fernández, Eliseo e Emilio Grandío e Dionísio Pereira e Carlos Velasco. *A fuxida do Portiño: Historia, memoria e vítimas*. Vigo: Promocións Culturais Galegas, 2009. Impreso.

- Fernández Sánchez, Santiago. Mensaxe ao autor. 9 de xaneiro, 2014. E-mail.
- García-Bodaño, Salvador. Mensaxe ao autor. 20 de xaneiro, 2014. E-mail.
- Lamela, Luís. *A Coruña, 1936. Memoria convulsa de una represión*. Sada: Edicións do Castro, 2002. Impreso.
- . “O paseo de Mercedes Romero Abella.” *Unión Libre. Cadernos de vida e culturas* (edición especial titulada *Vermellas*). 11. (2006). Sada: Edicións do Castro: 63-72. Impreso.
- . Mensaxe ao autor. 3 de xaneiro, 2014. E-mail.
- . *Estampas de injusticia. La Guerra Civil del 36 en A Coruña y los documentos originados en la represión*. Sada: Edicións do Castro, 1998. Impreso.
- . *Un monumento en el Campo da Rata: razón y génesis*. A Coruña: Ateneo Republicano de Galicia, 2006. Impreso.
- Losada, Javier. Carta a Manuel Monge como presidente da CRMH. 19 maio, 2010. Impreso.
- Monge, Manuel. Entrevista persoal co autor. 3 de febreiro, 2012. Entrevista.
- . *A historia secuestrada polo franquismo*. Compostela: Laivento, 2010. Impreso.
- Nora, Pierre. “Between Memory and History: *Les Lieux de Mémoire*.” *Representations*. Edición especial titulada *Memory and Counter-Memory*. 26 (1989): 7-24. Impreso.
- Pereira, Dionísio. Mensaxe ao autor. 4 de maio, 2010. E-mail.
- Platas, Alberto. Entrevista persoal co autor. 26 de xaneiro, 2012. Entrevista.
- Proxecto Nomes e Voces. *A represión franquista na comarca da Coruña: Vidas na memoria*. Compostela: Laivento, 2011. Impreso.
- Rodríguez Castelao, Daniel Alfonso. “Non enterran cadavres; enterran semente.” *Álbumes de guerra: estampas por Castelao*. 2014. Web. 8 de xaneiro de 2014.
- Rodríguez Fer, Claudio. “A derradeira lección da mestra.” *Volverlles a palabra. Homenaxe aos represaliados do franquismo*. Ourense: Xunta de Galicia, 2006: 109. Impreso.
- . Entrevista persoal co autor. 28 maio, 2012. Entrevista.
- . “Paz para sempre.” *Unión libre. Cadernos de vida e culturas*. 9 (2006). Sada: Edicións do Castro: 9-11. Impreso.
- Torres, Laura. Entrevista persoal co autor. 13 de xuño, 2011. Entrevista.
- Val Díaz, José (Valdi). Entrevista persoal co autor. 4 de febreiro, 2012. Entrevista.
- “Vítimas del franquismo quieren un monumento y el alcalde dice que ya existe el de Díaz Pardo.” *La Voz de Galicia*. 26 de xuño, 2010: L10. Impreso.